

O escritor
Corral
Iglesias
publica o novo
libro, **Do**
lusco-fusco

O escritor José Alberte Corral vén de publicar un novo libro, *Do lusco-fusco*. Trátase dunda serie de relatos maioritariamente centradas na Costa da Morte —moitos deles escritos en Corcubión, onde o autor viviu cinco anos— e algúns en América Latina.

Corral Iglesias entende a Costa da Morte como esa costa sen abrigo que vai desde A Coruña ata Muros, na que se produciron moitos naufraxios. Os relatos baséanse todos en personaxes literarios que decansan nas experiencias e obsesións vividas polo escritor. *Do lusco-fusco* é o primeiro libro de relatos publicado por este escritor, tamén profesor de economía. Anteriormente publicara varios poemarios. En Venezuela foi tamén autor de relatos en revistas literarias e de poesía. José Alberte Corral destacou a audacia de *Edicións Bahía*, quen, sen ningún apoio, editou esta obra en galego reintegrado.